

O Último Faro

Capítulo 1: A luz perdida

Un día en Luarca, o meu irmán chegou do colexio. Viña todo emocionado, xa que sacara un dez en Lingua Galega.

“Saqueei un dez en Lingua Galega e non tiven ningunha falta!”

De repente entrou o meu outro irmán, todo alborotado, e dixo:

“Mamá, mamá, chama á policía, están roubando no faro!!!”

A miña nai saíu á xanela, xa que desde ela se ve o faro da Inmaculada Concepción. Correu cara ao móbil e marcou o número da policía.

Unha hora despois...

“Iu, iu, iu, iu, iu”. Pasou a policía a toda a velocidade que daba o coche. A miña nai —que, por certo, se chama Marta— correu en dirección á porta da casa e díxonos aos meus irmáns mais a min:

“Correde, imos ver que pasou ao final no faro!”

Cando chegamos alí, a policía puxera cintas arredor do faro para que ninguén entrase, polo ADN dos ladróns... etc.

De volta na casa, púxenme a estudar para os próximos exames, mais non me daba concentrado por culpa dos meus irmáns, que estaban a discutir, coma sempre...

Ao día seguinte...

Como de costume, levanteime e marchei ao instituto “Manolo dos Ollos Pequenos”. Unha vez alí, ao entrar, decateime de que esquecera o libro de Lingua Galega.

Pero agora xa non había volta atrás. Ás 14:30 soou o timbre e marchei para a casa. Nada máis chegar, púxenme a investigar sobre o caso do faro e, despois de buscar, buscar, buscar e buscar... dinme conta de que o que roubaran fora a luz do faro, a cousa máis importante, necesaria para que os barcos non teñan accidentes ao entrar no porto.

Chamei á miña amiga Lola para ir ata o faro a investigar. Pedinlle á miña nai se podía ir e díxome que si, pero o meu irmán tiña o oído posto e, ao decatarse de que eu ía ir ao faro, el tamén quería. Mais, como tiña 8 anos, a miña nai non lle deixaba ir só.

Unha vez no faro, xunto con Lola, puxémonos a mirar cara á parte de arriba do faro.

Pero non lograbamos ver nada, xa que as cintas tapábano todo. Entón dixo Lola que ela tiña un dron que lle regalaran polo Nadal. Rapidamente marchamos á súa casa polo dron. Unha vez alí, collemos o dron e arrincamos cara ao faro.

Encendemos o dron e logramos ver o oco onde se situaba a luz, pero como a roubaran, non estaba. Dez minutos máis tarde, despois de darlle unha boa exploración ao faro, escoitamos detrás de nós: “iu, iu, iu, iu, iu!”. De novo era a policía!

Dixéronnos que nesa zona estaba prohibido voar drons e que nolo tiñan que confiscar, así que o levaron á comisaría. Tamén nos dixeron: “Se queredes que volo devolvamos, que veñan os vossos pais por el o xoves á comisaría”. Eu invitara a Lola á miña casa a cear, así que volvemos para alí. Cando chegamos, a miña nai estaba na xanela cunha cara de poucos amigos, xa que descubrira o do dron porque a policía chamáraa —eran coñecidos—. Subimos polo portal e, ao sentarnos á mesa, ninguén dixo nada. Todo era un reto de miradas que parecía que ía ser eterno.

Ata que a miña nai dixo:

—Por casualidade non seríades vós os que estaban voando o dron, non?

Nós dous asentimos coa cabeza. E ela dixo:

—Bueno, por esta vez non pasa nada, pero como me volva enterar de que andades voando drons por sitios nos que non está permitido, voume enfadar.

A continuación baixamos no elevador ao garaxe para levar a Lola á súa casa. Unha vez alí, despedímonos e marchamos, miña nai e mais eu.

Ao día seguinte, no IES Manolo dos Ollos Pequenos, tiven exame de Historia e saíume bastante ben. Antes do recreo tiven unha reunión de Enrredando co galego, que é unha programación para falar máis en galego, pero eu non teño ningún problema porque xa falo galego todos os días.

De volta na casa, mirando no ordenador, decateime de que xa averiguaran quen roubara a luz do faro. ¡Foi increíble...!

Capítulo 2 :Os culpables

Nas noticias apareceu que os que roubaran a luz foran os de 4º da ESO do meu instituto.

Estaban detidos e, por iso, non viñan ao centro.

Ese día volvíñ quedar con Lola, pero ademais veu o meu compañeiro de pupitre, que tamén era o meu mellor amigo. Unha vez no faro, vimos que hoxe había unhas ondas demasiado altas, e había que andar con moita precaución, xa que nese lugar xa morrera moita xente por culpa das ondas.

De volta ao faro, comprobamos que todo estaba igual que onte: non cambiara nada. Entón marchamos para a miña casa e puxémonos a investigar sobre os detidos. Descubrimos que os detidos tiñan cadea perpetua ata novo aviso e que o Concello dixerá que mañá mesmo instalarían unha nova luz e pintarían o faro polo desgaste que tiña.

Ao día seguinte, levantinme coa curiosidade a tope. Tiña ganas de ver como quedaría o faro coa nova luz instalada. No instituto, todos falaban do mesmo: dos de 4º da ESO detidos. Algúns decían que era imposible, que ese grupo nunca faría algo así. Outros aseguraban que eran capaces de calquera cousa. Pero a verdade é que ninguén sabía ben o que pasara.

Cando saín das clases, fun directo para o faro con Lola e o meu mellor amigo. O ceo estaba cuberto e sopraba un vento frío.

Cando chegamos, vimos unha furgoneta do Concello e un par de operarios traballando. A nova luz xa estaba instalada, pero aínda non a encenderan. Un deles pareceunos recoñecer e achegouse a nós.

—Vós non sodes os rapaces que atopastes o faro sen luz? —preguntou.

Aquí hai algo raro. A luz non estaba simplemente arrancada. Alguén fixo un corte moi limpo nos cables, como se usara ferramentas profesionais. Non é cousa de rapaces facendo tonterías. Miramos uns para os outros, sorprendidos.

—E entón... por que detiveron aos de 4º? —preguntei.

O operario encolléu os ombros.

—Política... ou presión. Cando algo pasa, sempre buscan culpables rápido. Pero eu non o teño nada claro.

Marchou sen dicir nada máis, deixando no aire unha sensación estraña. Lola foi a primeira en falar:

—Isto huele a misterio do grande.

O meu mellor amigo asentiulle:

—Temos que investigar. Igual os de 4º son inocentes.

Cando volvemos para a miña casa, decidimos buscar máis información. Entramos en foros, redes sociais, novas recentes... ata que atopamos algo sorprendente.

Un usuario anónimo afirmara, nun comentario perdido, que vira unha lancha negra preto do faro a noite do roubo. Pero o máis estraño era a última frase que escribira:

“Non eran rapaces. Eran profesionais. E buscaban algo máis que unha luz.”

Quedamos en silencio. Estaba claro que isto non acababa de empezar... senón de complicarse.

Non puidemos durmir esa noite. Cada vez que pechabamos os ollos, víanse as ondas do faro e a imaxe desa lancha negra. Ao día seguinte, decidimos voltar ao lugar do crime, pero esta vez con máis precaución. Levábamos linternas, cámaras do móbil e un caderno para anotar todo. Cando chegamos, vimos marcas recentes na area: pegadas que non pertencían nin a nós nin aos operarios, e unha corda que parecía arrastrada desde a auga ata a costa. Lola miroume cunha expresión grave:

—Isto é serio... non só cortaron a luz, tamén levaron algo.

Mentres examinábamos as pegadas, meu mellor amigo descubriu un obxecto brillante medio enterrado na area. Era unha pequena caixa metálica cun símbolo que ninguén de nós recoñecía: un círculo con tres liñas paralelas dentro.

—Que é isto? —preguntei, sostendo a caixa coidadosamente.

Lola respirou fundo:

—Se isto é o que penso... estamos metidos nunha historia moito maior que nós.

Decidimos levala para casa, pensando en investigar o símbolo e a súa posible conexión coa lancha negra. Non tiñamos nin idea de que, ao abrir esa caixa, ía comezar unha cadea de eventos que nos ía cambiar a vida e poñernos directamente diante de quen realmente apagou a luz do faro.

Capítulo 3 : Os culpables

Cando chegamos á casa, pechamos todas as portas e puxemos a caixa enriba da mesa do salón. Quería ser o primeiro en abri-la, pero ao mesmo tempo non podíamos parar de mirar. Era como se o ese círculo coas tres liñas— nos chamase, suave pero insistentemente.

—Deberíamos esperar? —preguntei—. Igual é perigoso.

—Perigoso xa é telo —respondeu Lola—. Prefiro saber a que nos enfrontamos.

O meu mellor amigo asentiu e abriu a caixa cun coidado extremo. O peche fixo un clic que soou máis forte do que debería. Dentro había dúas cousas: un papel demasiado dobrado e un obxecto metálico pequeno, do tamaño dun reloxo como o do meu avó, pero cunha tecnoloxía que non recoñecemos.

O papel estaba escrito cunha letra rara:

“Non volverán ata a noite. Aproveitade.”

—Non volverán... quen? —susurrei.

Lola colleu o obxecto metálico. Cando lle pasou o polgar por enriba, o aparato acendeu unha luz azul. Despois, unha especie de holograma proxectouse no aire: un mapa da costa... pero non como os mapas normais, sen máis puntos marcados, liñas que se movían, símbolos que aparecían e desaparecían.

Un dos puntos estaba no faro.

Outro... xusto diante da nosa casa.

—Están vixiándonos —dixo o meu mellor amigo cun fío de voz.

—Ou guiándonos —respondeu Lola—. Mira isto.

Algunhas das liñas do mapa formaban, durante un segundo, o mesmo símbolo da caixa. Cando desaparecía, o obxecto vibraba lixeiramente, como se estivese reaccionando a algo externo.

De súpeto, alguén bateu na porta.

Un golpe seco.

Outro.

Outro máis.

Os tres quedamos sorprendidos.

As luces da casa tremeron.

—Non abras —susurrou Lola.

Pero os golpes repetíronse, esta vez con máis forza, coma se quen estivese fóra non tivese medo de marchar ata que lle abrisemos.

O obxecto metálico parou de brillar e, por un instante, a caixa fíxose arrefriar de golpe.

—Creo... —traguei saliva— que xa saben que a temos.

O silencio que seguiu foi aínda peor que os golpes.

E entón, desde fóra, escoitouse unha voz grave, distorsionada, imposible de identificar:

—Abride. Non vimos facer dano... a non ser que nos obriguedes.

Lola colleu aire, firme.

—Non teñen nin idea do que acaban de empezar.

FIN

Martín González de Arriba

Rua Madanela Nº5 27001

IES Nosa Señora dos Ollos Grandes

1ºESO D